

A formación de palabras co sufixo *-ista* no portugués e no galego

NILSA AREÁN-GARCÍA
Universidade de São Paulo

Resumo:

Esta investigación está centrada no estudo do sufixo derivativo *-ista* no portugués e no galego. Desenvolvida na Universidade de São Paulo, xurdiu no ámbito dos traballos realizados polo Grupo de Morfoloxía Histórica do Portugués, GMHP (<<http://www.usp.br/gmhp>>), que actualmente está virado cara á análise da derivación por sufixación, aliando a sincronía á diacronía e buscando establecer a cada sufixo unha clasificación semántica e funcional. Desde esta óptica, faise un estudo en *corpora* dos séculos XIX e XX das linguas portuguesa e galega, para poder realizar unha clasificación semántica e funcional das palabras formadas co sufixo *-ista*. Finalmente, a partir da comprobación da produtividade en cada *corpus*, procúrase identificar o que destaca por contraste nestas dúas linguas similares. Convén sinalar que o desenvolvemento deste traballo soamente foi posible grazas á axuda financeira da FAPESP (Fundação de Amparo à Pesquisa do Estado de São Paulo).

Palabras clave: Formación de palabras, morfoloxía, derivación, sufixación, sufixo *-ista*

Abstract:

This research has been developed at the University of São Paulo and focuses on the derivational suffix *-ista* in Portuguese and Galician. The study is based on the works carried out by the Group of Historical Morphology of the Portuguese Language, GMHP (<<http://www.usp.br/gmhp>>), which is currently analysing the derivation by suffixation. This analysis allies the synchrony to the diachrony and attempts to establish for each suffix a functional-semantics classification. From this point of view, this paper studies the Portuguese *corpora* and the Galician *corpora* of the *19th and 20th centuries*, based on a semantic and functional classification of the words formed by the *-ista* suffix. Based on this productivity evidence in each *corpus* analysed, we try to identify outstanding distinctive phenomena in both languages. We also would like to point out that the development of this work has been possible thanks to the financial support of the FAPESP (Fundação de Amparo à Pesquisa do Estado de São Paulo).

Key words: Word formation, morphology, derivation, suffixation, *-ista* suffix

Segundo Said Ali (1930: 19-20), o sufixo *-ista* está asociado ao sufixo *-ismo*, e a súa primeira acepción semántica xorde para designar os partidarios de doutrinas e sistemas denominados con palabras formadas co sufixo *-ismo*, uso que perdura ata hoxe en día na lingua portuguesa. Afirmar este autor que na actualidade o sufixo crea nomes, pero tamén os importa do estranxeiro para designar persoas que teñen unha ocupación relacionada co obxecto que serve como base na derivación. Ademais explica que as palabras máis antigas formadas polos dous sufixos no portugués proveñen do latín da Idade Media, algunhas importadas directamente do grego e outras xa formadas analoxicamente; e que a súa popularización foi debida á acción da Igrexa Católica, que as difundiu entre o vulgo, aínda que non presentaron produtividade na formación de novos derivados. Di o autor que esta disposición soamente cambiou nos séculos XVIII e XIX pola influencia dos movementos intelectuais franceses: foi entón cando se importaron moitas palabras do estranxeiro, pero tamén cando se iniciou a formación a partir de bases propias do portugués.

De maneira similar, para Vilela (1994: 74), a relación entre os sufixos derivativos *-ista* e *-ismo* provén do século XIX, co vocabulario político e social, e pasou, posteriormente, a outros dominios semánticos. Analogamente, Ferreiro (2001: 156) afirma que o sufixo se desenvolveu nas linguas europeas de cultura que tiñan como base modelos principalmente das linguas francesa, inglesa e italiana na formación de adxectivos substantivables en paralelo co sufixo *-ismo*.

Nos séculos XIII e XIV é probable que este elemento final nin fose recoñecido aínda como sufixo derivativo; pois ao buscar no *corpus* correspondente (Cantigas de Santa María, Cancioneiro da Biblioteca Nacional, documentos notariais e historias das vidas de santos do CIPM —*Corpus Informatizado do Português Medieval*—), pódese ver que soamente aparecen dúas palabras co sufixo *-ista*: *batista* e *evangelista*, importadas do grego polo latín eclesiástico.

De feito, utilizando como *corpus* o *Dicionario Houaiss da lingua portuguesa* (2001) e valéndonos das datacións das palabras formadas co sufixo *-ista*, comprobamos que a súa produtividade aumenta exponencialmente a partir do século XVIII, confirmando as afirmacións de Said Ali (1930: 19-20) e Vilela (1994: 74). O resultado pódese observar no gráfico 1, elaborado polo Prof. Dr. Zwinglio de Oliveira Guimarães Filho (Instituto de Física da Universidade de São Paulo).

Tendo en conta os datos anteriores, a pouca produción literaria existente en galego durante os Séculos Escuros e que a escritura tipicamente brasileira (en contraste coa portuguesa) se define no Romanticismo, elixíronse os séculos XIX e XX para a definición do *corpora*: primeira fase deste estudo. Por cada século e variedade lingüística (galego, portugués europeo e portugués brasileiro), estudáronse cerca de 35 obras literarias (de prosa, poesía e teatro), listadas no anexo do final.

Nunha segunda fase estudáronse os aspectos semánticos das ocorrencias das formacións co sufixo *-ista*, usando a clasificación semántica xenérica de Areán-García (2007), dividida en cinco grupos: 1) axentes profesionais ou ocupacionais, por exemplo: *maquinista*, *oculista*; 2) persoas adeptas a doutrinas ou sistemas, por exemplo: *budista*, *socialista*; 3) persoas pertencentes a grupos, por exemplo: *reservista*, *seminarista*; 4) cualificativos humanos, por




GRÁFICO 1. PALABRAS FORMADAS CO SUFIXO *-ISTA*. DATACIÓN DE *HOUAISS* (2001)
<[HTTP://WWW.USP.BR/GMHP/SUFIABS/ISTA.PNG](http://www.usp.br/gmhp/sufiabs/ista.png)>




GRÁFICO 2. OCORRENCIAS DO SUFIXO *-ISTA* NO *CORPUS* DO GALEGO

exemplo: *narcisista*, *egoísta*; 5) outros, por exemplo: *batista*, *correntista*. Convén lembrar que este estudo se restrinxe á semántica da palabra formada, pero non á semántica do sufixo, xa que presenta un comportamento polisémico no contexto das ocurrencias do *corpus*.

Para o galego, analizáronse 71 obras, das cales 35 pertencen ao s. XIX e 36, ao s. XX. Nas obras do s. XIX apareceron 58 palabras co sufixo *-ista* e no s. XX, 186. Así obsérvase un crecemento do 69%, conforme o gráfico 2.

A continuación amósanse unha táboa e un gráfico cos datos da análise das distribucións cuantitativas, obtidas no *corpus* do galego, das palabras formadas co sufixo entre os tres xéneros da escritura.

No gráfico obsérvase que, no *corpus* do galego do século XIX, as ocorrencias de palabras co sufixo *-ista* se dividen case que igualmente entre os tres xéneros: prosa, poesía e teatro; aínda que a prosa sexa un pouco máis representativa. No entanto, no *corpus* do galego do século XX, as palabras con este sufixo son moito máis abundantes no xénero da prosa ca nos demais. Decaeu considerablemente, pois, dun século para o outro a característica poética e teatral deste sufixo, ao tempo que aumentou a característica de uso na prosa.

TÁBOA 1. O SUFIXO *-ISTA* NOS XÉNEROS DA ESCRITURA DO *CORPUS* DO GALEGO, EN VALORES ABSOLUTOS E EN VALORES PORCENTUAIS

XÉNERO	OCORRENCIAS DAS FORMACIÓNS CO SUFIXO <i>-ISTA</i> NO <i>CORPUS</i> DO GALEGO				
	SÉCULO XIX		SÉCULO XX		CRECIMENTO
	Valores absolutos	Valores porcentuais	Valores absolutos	Valores porcentuais	
PROSA	22	38%	135	73%	35%
POESÍA	21	36%	32	17%	-19%
TEATRO	15	26%	19	10%	-16%





GRÁFICO 3. VALORES PORCENTUAIS NOS XÉNEROS DA ESCRITURA NO *CORPUS* DO GALEGO


Do portugués europeo, estudáronse 68 obras, das cales 34 pertencen ao s. XIX e 34, ao s. XX. Nas obras do século XIX encontráronse 88 palabras co sufixo *-ista* e no século XX, 160. Houbo un crecemento do 45%, como se pode ver no gráfico 4.

GRÁFICO 4. OCORRENCIAS DO SUFIXO *-ISTA* NO *CORPUS* DO PORTUGUÉS EUROPEO

A continuación preséntanse unha táboa e un gráfico elaborados coas distribucións cuantitativas, obtidas no *corpus* do portugués europeo, das palabras formadas co sufixo entre os tres xéneros da escritura.

TÁBOA 2. O SUFIXO *-ISTA* NOS XÉNEROS DA ESCRITURA NO *CORPUS* DO PORTUGUÉS EUROPEO EN VALORES ABSOLUTOS E EN VALORES PORCENTUAIS

XÉNERO	OCORRENCIAS DAS FORMACIÓNS CO SUFIXO <i>-ISTA</i> NO <i>CORPUS</i> DO PORTUGUÉS EUROPEO				
	SÉCULO XIX		SÉCULO XX		CRECIMENTO
	Valores absolutos	Valores porcentuais	Valores absolutos	Valores porcentuais	
PROSA	81	73%	105	66%	-7%
POESÍA	14	12%	16	10%	-2%
TEATRO	16	15%	37	24%	9%

GRÁFICO 5. VALORES PORCENTUAIS NOS XÉNEROS DA ESCRITURA NO *CORPUS* DO PORTUGUÉS EUROPEO

No *corpus* do portugués europeo, as ocorrencias de palabras co sufixo *-ista* divídense de forma bastante diferenciada entre os tres xéneros da escritura: onde menos abundan é na poesía, mentres que presentan unha forte tendencia prosaica no uso. Obsérvase que, na prosa, as palabras co sufixo *-ista* representan case tres cuartos (73%) no século XIX e dous terzos (66%) no século XX.

No *corpus* do portugués brasileiro estudáronse 71 obras; das cales 35 pertencen ao s. XIX e 36, ao s. XX. Nas obras do s. XIX encontráronse 102 palabras co sufixo *-ista* e no s. XX, 269 formacións. Advírtese, pois, un crecemento do 62%, conforme está ilustrado no gráfico seguinte.




GRÁFICO 6. OCORRENCIAS DO SUFIXO *-ista* NO *CORPUS* DO PORTUGUÉS BRASILEIRO

A continuación preséntanse unha táboa e un gráfico coas distribucións cuantitativas, obtidas no *corpus* do portugués brasileiro, das palabras formadas co sufixo entre os tres xéneros da escritura.

TÁBOA 3. O SUFIXO *-ista* NOS XÉNEROS DA ESCRITURA NO *CORPUS* DO PORTUGUÉS BRASILEIRO, EN VALORES ABSOLUTOS E EN VALORES PORCENTUAIS

XÉNERO	OCORRENCIAS DAS FORMACIÓNS CO SUFIXO <i>-ista</i> NO <i>CORPUS</i> DO BRASILEIRO				
	SÉCULO XIX		SÉCULO XX		CRECIMENTO
	Valores absolutos	Valores porcentuais	Valores absolutos	Valores porcentuais	
PROSA	84	65%	167	68%	3%
POESÍA	14	11%	31	12%	1%
TEATRO	31	24%	49	20%	-4%




GRÁFICO 7. VALORES PORCENTUAIS NOS XÉNEROS DA ESCRITURA NO *CORPUS* DO PORTUGUÉS BRASILEIRO

No *corpus* do portugués brasileiro, de xeito similar ao portugués europeo, o uso das palabras formadas co sufixo *-ista* evidencia unha forte característica prosaica, representando case dous terzos (65%) das formacións no século XIX e máis de dous terzos (68%) no século XX. Observase, tamén, que o xénero da poesía é o menos propenso ao uso de palabras formadas co sufixo *-ista*.

Así, podemos afirmar que, por un lado, no *corpus* do portugués brasileiro e no do europeo, o xénero da prosa presentouse moi propenso ao uso das formacións co sufixo *-ista*, o xénero teatral non presenta esta característica, e menos aínda o xénero poético; por outro lado, no *corpus* do galego do século XIX, faise un uso indiscriminado das formacións co sufixo *-ista* nos tres xéneros, mentres que no s. XX, o galego aproxímase ao portugués, tendendo ao uso das palabras derivadas co sufixo estudado no xénero da prosa. Podemos concluír, pois, que o xénero é moi importante na elección do *corpus* para o estudo dos sufixos.

Na segunda fase desta investigación estudáronse os aspectos semánticos das ocorrencias das formacións co sufixo *-ista* no seu contexto. Conforme xa se aclarou anteriormente, para cada século e variedade lingüística (galego, portugués europeo e portugués brasileiro), dividíronse as ocorrencias encontradas en cinco clases: 1) axentes ocupacionais 2) persoas adeptas a doutrinas ou sistemas, 3) persoas pertencentes a grupos, 4) cualificativos humanos, 5) outros.

Sabemos que as gramáticas en xeral presentan para o sufixo *-ista* apenas as dúas primeiras categorías semánticas; buscaremos, pois, xustificar coa investigación no *corpus* literario a remisión encontrada nas gramáticas.

Para isto, no *corpus* do galego fíxose o estudo e a clasificación semántica das formacións con *-ista* encontradas no s. XIX e no s. XX, tendo en conta as designacións das palabras no contexto para a división entre as cinco categorías («ocupación», «adhesión», «calidade», «pertenza» e «outros»). Cos resultados obtidos, elaboráronse a táboa e o gráfico das distribucións cuantitativas que aparecen a continuación.

TÁBOA 4. CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA DAS OCORRENCIAS DO SUFIXO *-ISTA* NO *CORPUS* DO GALEGO COS VALORES ABSOLUTOS E PORCENTUAIS OBTIDOS

CLASE	CLASIFICACIÓN DAS FORMACIÓNS CO SUFIXO <i>-ISTA</i> NO <i>CORPUS</i> DO GALEGO				
	SÉCULO XIX		SÉCULO XX		CRECIMENTO
	Valores absolutos	Valores porcentuais	Valores absolutos	Valores porcentuais	
OCUPACIÓN	23	51%	77	42%	-9%
ADHESIÓN	9	20%	72	38%	18%
CALIDADE	11	25%	26	14%	-11%
PERTENZA	1	2%	12	6%	4%
OUTROS	1	2%	0	0%	-2%




GRÁFICO 8. VALORES PORCENTUAIS DA CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA NO GALEGO

Obsérvase no *corpus* galego que a categoría semántica máis utilizada é a «ocupación», co 51% das ocorrencias encontradas no s. XIX, e co 42%, no s. XX. A categoría de «adhesión» foi a segunda máis utilizada no s. XX, mentres no século XIX era a terceira. A categoría «calidade», que era a segunda máis común no s. XIX, pasou a terceira no s. XX. Compróbase tamén, pola taxa de crecemento, que no galego do s. XX se utilizan máis as palabras co sufixo *-ista* que designan «adhesión» e «pertenza». Con todo, as clases semánticas que máis destacan tanto no s. XIX como no s. XX son «ocupación», «adhesión» e «calidade», que conforman o 90% das ocorrencias encontradas.

De modo semellante, no *corpus* do portugués europeo fíxose unha clasificación semántica das ocorrencias de formacións con *-ista* no s. XIX e no s. XX. Cos datos obtidos, tendo

en conta as designacións das palabras encontradas en contexto, en cada século e nas cinco clases semánticas, creáronse a táboa e o gráfico das distribucións cuantitativas que aparecen a continuación.

TÁBOA 5. CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA DAS OCORRENCIAS DO SUFIXO *-ISTA* NO *CORPUS* DO PORTUGUÉS EUROPEO COS VALORES ABSOLUTOS E COS VALORES PORCENTUAIS OBTIDOS

CLASE	CLASIFICACIÓN DAS FORMACIÓN S CO SUFIXO <i>-ISTA</i> NO <i>CORPUS</i> DO PORTUGUÉS EUROPEO				
	SÉCULO XIX		SÉCULO XX		CRECEMENTO
	Valores absolutos	Valores porcentuais	Valores absolutos	Valores porcentuais	
OCUPACIÓN	49	55%	83	52%	-3%
ADHESIÓN	17	19%	42	26%	7%
CALIDADE	19	21%	17	11%	-10%
PERTENZA	3	3%	15	9%	6%
OUTROS	2	2%	4	2%	0%




GRÁFICO 9. VALORES PORCENTUAIS DA CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA NO PORTUGUÉS EUROPEO

No *corpus* do portugués europeo pódese ver que a categoría semántica na cal se concentra o maior número de palabras co sufixo *-ista* é «ocupación», con máis do 50% no s. XIX e no s. XX. A categoría «adhesión» pasou a ser a segunda máis usada no s. XX, mentres no s. XIX era a terceira. A categoría «calidade», que era a segunda mais usada no século XIX, pasou a terceira no século XX. Comprobamos, entón, que do s. XIX para o XX, no portugués europeo, aumentou o uso das palabras que designan «adhesión» e «pertenza».

Analogamente, no *corpus* do portugués brasileiro fíxose tamén unha clasificación semántica das palabras formadas co sufixo *-ista* no s. XIX e no s. XX, tendo en conta as designacións das formacións encontradas en contexto. Cos resultados obtidos elaboráronse a táboa e o gráfico que continúan.

TÁBOA 6. CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA DAS OCORRENCIAS DO SUFIXO *-ista* NO *CORPUS* DO PORTUGUÉS BRASILEIRO COS VALORES ABSOLUTOS E COS VALORES PORCENTUAIS OBTIDOS

CLASE	CLASIFICACIÓN DAS FORMACIÓN CO SUFIXO <i>-ista</i> NO <i>CORPUS</i> DO PORTUGUÉS BRASILEIRO				
	SÉCULO XIX		SÉCULO XX		CRECIMENTO
	Valores absolutos	Valores porcentuais	Valores absolutos	Valores porcentuais	
OCUPACIÓN	53	52%	139	52%	0%
ADHESIÓN	13	13%	69	25%	12%
CALIDADE	22	21%	47	17%	-4%
PERTENZA	11	11%	13	4%	-7%
OUTROS	3	3%	5	2%	-1%




GRÁFICO 10. VALORES PORCENTUAIS DA CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA NO PORTUGUÉS DO BRASIL

Na táboa e no gráfico anteriores advírtese que no *corpus* do portugués brasileiro, tanto no s. XIX como no s. XX, a categoría semántica máis utilizada é «ocupación», co 52% das ocorrencias encontradas en cada século. A categoría «adhesión» foi a segunda máis usada no s. XX, mentres no s. XIX era a terceira. A categoría «calidade», que era a segunda máis usada

no s. XIX, pasou a terceira no s. XX. Así, no século XX, no portugués brasileiro, aumentou o uso das formacións co sufixo *-ista* que designan semanticamente «adhesión» e diminuíron as palabras que designan «calidade» e «pertenza».

Conclúese, nesta segunda fase da investigación, que a categoría semántica na cal se concentra o maior número de palabras formadas co sufixo *-ista* é «ocupación», con máis do 50% nos séculos XIX e XX, tanto no *corpus* do galego coma nos *corpus* do portugués europeo e brasileiro. Isto indica o aumento da propensión do sufixo na posible produtividade de dita clase semántica. Alén diso, observouse que no século XIX a segunda categoría semántica máis representada era «calidade», seguida pola categoría «adhesión». No entanto, no século XX viuse a inversión destas, ou sexa, a segunda categoría semántica máis representada pasou a ser «adhesión», seguida pola categoría semántica «calidade»; o que indica o aumento da propensión do sufixo na posible produtividade da clase semántica «adhesión», que moitas das veces está asociada ao sufixo *-ismo*.

Conforme Areán-García (2007: 229-232), en *corpus* de tipo xornalístico, a categoría semántica máis representada polas palabras sufixadas con *-ista* é «adhesión», a segunda máis representada é «pertenza» e a terceira, «ocupación». Tendo en conta isto, podemos, entón, conectar que as afirmacións encontradas nas gramáticas se basean en *corpus* de tipo literario.

Convén, aínda, observar que algunhas das palabras sufixadas con *-ista* encontradas no *corpora* non se atoparon nos dicionarios; outras apareceron cunha acepción distinta da encontrada en contexto, por exemplo: *cadista* (profesional especializado na manipulación do software *CAD*), no *corpus* do portugués brasileiro; *saxosambista* (persoa que toca o saxofón en grupos de samba) no *corpus* do portugués europeo; e *porvirista* (persoa que adviña o porvir). Aínda que non se encontraran nos dicionarios, as palabras existen en contexto e evidencian o significativo e produtivo que é o sufixo na formación de novas palabras dentro dos períodos e das variedades lingüísticas estudadas.

A conclusión xeral a que se pode chegar é que o uso das palabras formadas co sufixo *-ista* no *corpora* de tipo literario creceu moito do século XIX para o século XX no galego (69%), no portugués europeo (45%) e no portugués brasileiro (62%), representando principalmente as categorías semánticas de «ocupación», «adhesión» e «calidade». Convén destacar que, a pesar de ser a súa orixe o grego clásico, o uso do sufixo *-ista* no portugués e no galego é relativamente recente cando se compara con outros sufixos e, por tanto, a súa utilización mostra unha innovación verificada máis acentuadamente no *corpus* do galego, cun aumento do 69% no s. XX.

En xeral, o uso das palabras formadas co sufixo *-ista* encóntrase principalmente no xénero da prosa. Comparando os séculos XIX e XX, nos tres xéneros da escritura, advertiuse que no *corpus* literario das dúas variedades idiomáticas do portugués, europeo e brasileiro, a distribución porcentual de valores, a pesar de diversa, é bastante similar, e a prosa é o xénero que concentra a maioría das ocorrencias. Observouse, tamén, que o galego, no *corpora* estudado, aproximouse ao portugués no século XX ao adquirir a característica prosaica no uso de palabras formadas co sufixo *-ista*.

Resaltamos que os resultados obtidos aquí están en función do *corpora*, podendo cambiar de configuración ao se alterar as obras elixidas para o estudo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Areán-García, N. (2007). *Estudo comparativo de aspectos semânticos do sufixo -ista no português e no galego*. Dissertação de Mestrado. Volume I e II. São Paulo: FFLCH USP.
- Ferreiro, M. (2001). *Gramática histórica galega*. Noia: Laiovento.
- Said Ali, M. (1930). *Gramática histórica da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Melhoramentos.
- Viaro, M. E. (2003). «Para um estudo da semântica sincrônica dos sufixos derivacionais em português do século XIII». In *Grupo de Estudos Lingüísticos do Estado de São Paulo*. Taubaté: Unitau. CD-ROM.
- Vilela, M. (1994). *Estudos de lexicología do português*. Coimbra: Almedina.

APÉNDICE: CORPORA

Corpus medieval

Cancioneiro da Biblioteca Nacional, versión dixitalizada polos integrantes do GMHP (Grupo de Morfologia Histórica do Português), dispoñible en: <<http://www.usp.br/gmhp/corp/med.zip>> [acceso: 15/06/2009]; *Cantigas de Santa Maria*, de Afonso X, edición de Walter Mettmann, Coimbra: Coimbra, 1959-1972; documentos notariais e historias sobre a vida de personalidades santas do CIPM (*Corpus Informatizado do Português Medieval*), dispoñible en: <<http://cipm.fesh.unl.pt/>> [acceso: 13/06/2009].

Corpus do galego

Obras estudadas do século XIX (prosa, poesía e teatro): *Fábulas i epigramas* (1892) e *Mouxenas* (1896), de Amador Montenegro; *A casamenteira* (1849), de Antonio Bieito Fandiño; *O niño de pombas* (1890), *A tecedeira de Bonaval* (1895) e *O castelo de Pambre* (1895), de Antonio López Ferreiro; *Cousas d'aldea* (1891), de Aureliano Pereira; *Queixume dos pinos* (1886), de Eduardo Pondal; *Follatos – poesías gallegas* (1891), de Filomena Dato Muruais; *A leiteira* (1886) e *Poesías varias* (1888), de Francisco Añón; *A fonte do xuramento* (1882), de Francisco María de la Iglesia; *¡Lendas de horrores!* *A torre de Peito Beudelo* (1890), *Entre dous mundos* (1892), *A mitra de ferro ardente* (1894) e *¡Filla...!* (1894), de Galo Salinas; *Aires d'a miña terra* (1880) e *Divino sainete* (1888), de Manuel Curros Enríquez; *Non máis emigración* (1885) e *A festa de Tacón* (1885), de Manuel Lugo Freire; *Cantigueiro popular* (1867) e *Majina, ou a filla espúrea – Conto gallego–castellano de miña abó* (1880), de Marcial Valladares; *O tío Farruco* (1823), de Pedro Boado Sánchez; *Cousas e cousas* (1885), *Aturuxos* (1898) e *¡Non mais emigración!* (1886), de Ramón Armada Teixeiro; *Cantares gallegos* (1863), *Follas novas* (1880) e *Conto gallego*, de Rosalía de Castro; *Saudades gallegas* (1880), de Valentín Lamas Carvajal; *Cousas d'as mulleres e outras poesías* (1890), *Pasaxeiras* (1898), *A cruz de salgueiro* (1899) e *O chufón* (1899), de Xesús Rodríguez López; *A Galicia* (1861), de Xoán Manuel Pintos.

Obras estudadas do século XX (prosa, poesía e teatro): *A meritória cortesia de Edón Cigalia* (1996) e *A bandeira* (1997), de Alfonso Alvarez Cáccamo; *Nouturnio de medo e morte, bárbara anécdota realista en dous tempos (sin literatura) que puído andar nos romances cegos* (1927), de Antón Vilar Ponte; *Como calquera outro día* (1962), *Desfeita* (1980) e *Cara a Times Square* (1980), de Camilo Gonsar; *A xustiza dun muiñeiro – se sei ... non volvo a casa* (1938) e *O ferreiro de Satán –*

taberna sin dono (1941), de Daniel Varela Buxán; *Cantarenas* (1981), de Florencio Delgado Gurriarán; *¡Ai, que sería de nós sen os obreiros!* (1996), de Gustavo Pernas Cora; *O feche indefinido* (1990) e *Un servicio policial (trancedencia nun acto)* (1992), de Joel R. Gómez; *O asento* (1986), de Jenaro Marinas del Valle; *Aproximación lingüística á fala de Vincios (Val Miñor)* (1986), de Xosé Henrique Costas González; *As sete chagas* (2002), de Lóis Diéguez; *O galo* (1928), de Luís Amado Carballo; *Poemas* (1982), de Manuel Álvarez Torneiro; *Auto do Entroido* (1995), de Manuel Lourenzo González; *Ken keirades – contiños da terra* (1931), de Manuel García Barros; *Os arquivos do trasno* (1926), *A fiestra valdeira* (1927) e *Antre a terra e o ceo – Prosas de mocidade* (1927), de Rafael Dieste; *O cazador de libros* (1997), de Ramiro Fonte; *O fidalgo e a noite* (1979), de Ramón Otero Pedrayo; *Discurso político e discurso poético na literatura galega moderna* (1989), de Ricardo Carvalho Caleiro; *Xornalismo Irmandiño* (1923) e *Castelao en seu tempo* (1984), de Roberto Blanco Torres; *Cidade Virtual* (2002), de Salvador García-Bodaño; *Vieiro de señardade* (1987), de Tomás Barros; *As chaves das noces* (1988), de Xabier P. Docampo; *Donosiña, drama en tres autos* (1920), de Xaime Quintanilla; *Do nacionalismo literario a unha literatura nacional* (1994), de Xoán González Millán; *Foumán* (1987), de Xosé Cid Cabido; *Arnoia, Arnoia* (1985) e *Resposta ao discurso lido polo ilustrísimo Señor don Manuel María Fernández Teixeira no acto da súa recepción da RAG* (2003), de Xosé Luís Méndez Ferrín; *A sombra da memoria* (1999), de Xosé Vázquez Pintor.

Corpus do portugués europeo

Obras estudadas do século XIX (prosa, poesía e teatro): *O bispo negro* (1830), *Arras por foro de Espanha* (1834), *Eurico, o presbítero* (1844) e a obra poética, de Alexandre Herculano; *D. Filipa de Vilhena* (1840), *Frei Luís de Sousa* (1843), *Viagens na minha terra* (1846), *O arco de Sant'Ana* (1845) e *Folhas caídas* (1853), de Almeida Garret; *Sonetos completos* (1886) e *Antologia*, de Antero de Quental; *Purgatório e paraíso* (1857), *O Morgado de Fafe em Lisboa* (1861), *Amor de perdição* (1861), *O último acto* (1862) e obra poética, de Camilo Castelo Branco; *Queda*, de Camilo Pessanha; *Poesias completas*, de Cesário Verde; *Cartas d'amor – o efêmero feminino*, *O crime do padre Amaro* (1874), *São Cristovão* (1875), *Alves & cia* (1878), *O Primo Basílio* (1880), *A relíquia* (1887) e a antoloxía de contos: *Singularidades de uma rapariga loura*, *Um poeta lírico*, *No moinho*, *Civilização*, *O tesouro*, *Frei Genebro*, *Adão e Eva no paraíso*, *A aia*, *O defunto*, *José Matias*, *A perfeição*, *O suave milagre*, de Eça de Queiroz; *A Mantilha de Renda* (1880), de Fernando Caldeira; *A pátria* (1890) e *A benção da locomotiva*, de Guerra Junqueiro; *O casamento da Condessa de Amieira* (1856), *Último baile do Sr. Cunha* (1857), *As duas cartas* (1857), *Um rei popular* (1858) e *As pupilas do senhor Reitor* (1866), de Júlio Dinis; *A Morgadinha de Valflor* (1869), de Pinheiro Chagas.

Obras estudadas do século XX (prosa, poesía e teatro): *O inventário*, de Alexandre O'Neil; *Diarréia*, de Álvaro Seiça Neves; *Pedra filosofal*, de António Gedeão; *Romance de Dubrovnik*, de David Mourão Ferreira; *A ilustre casa de Ramires* (1900) e *A cidade e as serras* (1901), de Eça de Queiroz; *A espantosa realidade das cousas*, *Dois excertos de odes*, *Primeiro Fausto*, *Obras poéticas e Fernando Pessoa por ele mesmo* (1935), de Fernando Pessoa; *Livro das mágoas* (1919), de Florbela Espanca; *Adão e Eva* (1921), de Jaime Cortesão; *A tábuca ocre de Núbia (ou o significado da vida)* (1998), de João Guisan Seixas; *Os primeiros passos do romantismo – o toucador de Garret* (1999), de Joaquim Matos; *Que farei com este livro?* (1979), *A noite* (1979), *A segunda vida de Francisco de Assis* (1987) e *In nomine Dei* (1993), de José Saramago; *Obra poética (Poetas em fronteiras, Senhor Editor, Saxopoesia)*, de José Valgode; *A ceia dos Cardeais* (1902) e *D. Beltrão Figuroa* (1902), de Júlio Dantas; *A guerra santa* (1966), de Luís de Sttau Monteiro; *A confissão de Lúcio e Juvenília dramática* (1907), de Mário de Sá-Carneiro; *Um comentário crítico* (2000), de Marta Alexandre; *A*

literatura portuguesa do século XIX (1944), de Moniz Barreto; *Os redentores da Ilíria* (1916), *O caso do dia* (1926) e *Demónio* (1928), de Ramada Curto; *Teixeira Gomes e a reação antinaturalista* (1960) e *As torres milenárias* (1968), de Urbano Tavares Rodrigues; *Estudos sobre José Saramago* (1998), de varios autores inclusive o proprio Saramago; *Onde a terra acaba: colectânea de contos portugueses*, de vários autores: Alexandre Andrade, Diana Almeida, João Aguiar, Jorge Vaz de Carvalho, Luísa Costa Gomes, Onésimo Teotónio Almeida, Rui Zink, Rute Beirante, Urbano Tavares Rodrigues.

Corpus do português brasileiro

Obras estudadas do século XIX (prosa, poesia e teatro): *A normalista* (1893), de Adolfo Caminha; *Lira dos vinte anos* (1848), de Álvares de Azevedo; *O califa da rua do sabão*, *Nova viagem à lua*, *Os noivos*, *A princesa dos cajueiros* e *O Rio de Janeiro em 1877*, de Artur de Azevedo; *Espumas flutuantes*, de Castro Alves; *Broquéis*, *O livro derradeiro* e *Últimos sonetos*, de Cruz e Souza; *Ondas e outros poemas* (1899), de Euclides da Cunha; *O tipo do brasileiro*, de França Júnior; *Senhora* (1875), *O guarani* (1857), *O gaúcho* (1870), *Guerra dos mascates* (1873) e o teatro: *Asas de anjo*, *O demônio Familiar*, *O crédito*, *Verso e reverso* e *O que é casamento?*, de José de Alencar; *Memórias Póstumas de Brás Cubas* (1880), *Dom Casmurro* (1889), *A mão e a luva* (1874), *Casa velha* (1889), *Iaiá Garcia* (1878), *Desencantos* (1860-1870) e *Quase ministro* (1862), de Machado de Assis; *Quem casa, quer casa*, de Martins Pena; *Panópias*, *O caçador de esmeraldas* (1813) e *A tarde* (1818), de Olavo Bilac; *Flor de Sangue* (1897), de Valentim Magalhães; *Inocência* (1872), de Visconde de Taunay.

Obras estudadas do século XX (prosa, poesia e teatro): *O dialeto caipira* (1920), de Amadeu Amaral; *Cultura e opulência do Brasil* (1922), de André João Antonil; *Brasil S. A.* (1996), de Antônio Ermírio de Moraes; *Auto da Compadecida* (1955), de Ariano Suassuna; *Eu e outras poesias* (1912), de Augusto dos Anjos; *Bomba*, de Carlos Drummond de Andrade; *A luta* (2001), de Carmem Dolores; *Calabar: o elogio da traição* (1975), de Chico Buarque de Holanda; *A conquista* (1900) e *O turbilhão* (1906), de Coelho Netto; *O pagador de promessas* (1959), de Dias Gomes; *Anomalias* (1999), de Fred Matos; *Eles não usam black-tie* (1955), *A semente* (1961), *Grito parado no ar* (1973) e *Ponto de partida* (1976), de Gianfrancesco Guarnieri; *O Brasil anedótico* (1927), de Humberto de Campos; *Morte e vida Severina* (1955), de João Cabral de Melo Neto; *Esau e Jacó* (1904) e *Memorial de Aires* (1908), de Machado de Assis; *Auto-retrato*, *Poética* e *Trem de ferro*, de Manuel Bandeira; *A meditação sobre o Tietê* (1945), de Mário de Andrade; *Juca Mulato e Máscaras*, de Menotti Del Picchia; *Pigmaleoa* (1955), *É...* (1977), *A história é uma história e o homem é o único animal que ri* (1976), *Duas tábuas e uma paixão* (1982), *Gato ao crepúsculo*, *Poesia escapista*, *Predestinação*, de Millôr Fernandes; *Canção do exílio*, *Noite carioca*, *O fósforo* e *O utopista*, de Murilo Mendes; *Carrilhões* (1917), de Murilo Araújo; *Toda a nudez será castigada* (1965), de Nelson Rodrigues; *A alma encantadora das ruas* (1909) e *A profissão de Jacques Pedreira* (1913), de Paulo Barreto (João do Rio); *Reencarnação* (2002), de Reinaldo de Andrade; *O complô que elegera Tancredo* (1985), prosa jornalística organizada por Ricardo Noblat; *Estudos sobre Machado de Assis*, de varios autores, entre eles, Lúcia Miguel Pereira, Manuel Bandeira, Afrânio Coutinho e Massaud Moisés.